

Entrevista ao director: José Luís Martín

1. Como se sente como novo director do instituto?

Síntome un pouco perdido, aínda que foi unha decisión voluntaria e o resto do equipo directivo recibíume ben e estou moi cómodo con eles. Teño moitas ganas de traballar e de achegar cousas novas.

2. Nótase moito o cambio de profesor a director do instituto?

Depende, nótase no horario de traballo, paso máis tempo no centro pero menos dando clase. Estou máis de trinta horas, e hai moitas máis responsabilidades. Ademais algúns problemas chegan máis de cerca. Neste cargo as clases son un alivio.

3. Que pensa da organización do centro?

A organización leva sendo boa desde hai moito tempo, funciona moi ben. O centro conta cun alumnado moi bo, un profesorado moi estable que leva moito tempo e que ten experiencia. Por outra parte, o persoal de servizos é moi bo, tanto as conserxes como as limpadoras.

4. Por que escolleu este equipo directivo?

É difícil configurar un equipo directivo. Moitas persoas serían estupendas para o cargo, e achegarían novas ideas. Hai moita xente cualificada, pero no están dispostas a asumir o cargo.

5. Cal cre que é o nivel académico do centro?

Non é excelente, pero creo que é medio. Por un lado, a proba de diagnóstico di que este centro está por debaixo da media, pero por outro, case todo o alumnado aproba a selectividade.

6. Cre que o alumnado se implica suficiente coas actividades do centro?

Si, bastante, pero podería colaborar máis. Gustaríame que houbera máis alumnos nas actividades de fin de trimestres. O profesorado debería intentar motivalos máis para que participasen.

7. Traballou noutros institutos? De cal deles garda un mellor recordo?

Teño unha traxectoria curta. Traballei no ensino privada case un curso. Despois como interino na Braña coa oposición aprobada. Fixen as prácticas neste centro no curso do 1999-2000. A continuación estiven traballando sete cursos en Ordes dos cales os tres últimos de xefe de estudos. Grazas a un concurso de traslados, volví ao I.E.S Xelmírez II. De todos os centros gardo un bo recordo

8. Por que elixiu ser profesor de tecnoloxía?

Estaba coas oposicións de física, pero non as convocaban. Polo que me deron a posibilidade de cambiarme a tecnoloxía. Anos despois si conseguín a especialidade de física.

9. Que pensa de ter fama de estrito?

A xente non mo di, pero eu nótoo. Quero que todos cumpran as súas obrigas, gústame a orde na clase e en xeral. É a miña maneira de ser. Recoñezo que parezo estrito. Procuo ser cordial e correcto cos alumnos. Creo que son cariñoso con eles.